



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓN

16 de xullo de 2008

Nº 15/08

## METEOROLOXÍA

Durante o período disfrutouse dun tempo soleado e seco, alcanzándose en moitas zonas temperaturas superiores os 30 °C. Vento dominante do Norte. **Previsión:** as temperaturas manteranse en valores altos, propios da época do ano, e non variarán de xeito significativo. Non se agardan precipitacións.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### Estado fenolóxico medio

L (peche dos acios) en todas as variedades, alcanzándose nalgunhas parcelas precoces o estado K (uva tamaño chícharo).

#### Coidados culturais

Mantemento do crecemento das herbas e aplicación das técnicas de **poda en verde** (desfollado, desnetado, e despuntes gomariza).

#### Incidencias fitopatolóxicas destacadas

**Mildeu** (*Plasmopara viticola*). O tempo seco de compoñente Norte da última semana freou a sintomatoloxía e a evolución da enfermidade. Tampouco se prevé que se reactive nas próximas datas.

**Oídio** (*Uncinola necator*). A sintomatoloxía da enfermidade, tal e como se prevía en anteriores boletíns, foi en leve aumento, aínda que normalmente non se chega a niveis altos, salvo en viñedos sen protección.



Na foto pódense ver as uvas rachadas nun acio por un ataque severo de Oídio.

**Iesca** (*Stereum hirsutum*, *Fomitiporia punctata*, entre outros fungos). Durante as últimas datas seguen a manifestarse nalgunhas cepas síntomas sobre os seus brazos, véndose afectados polo complexo de fungos que penetran na planta a través dos cortes ou feridas importantes de poda no inverno. Nesta época a elevada evapotranspiración provoca un brusco marchitamento coñecido como apoplexía.



Típicos síntomas de Iesca nas follas de un brazo da cepa.

**Acariose** (*Calepitrimerus vitis*). Obsérvanse os primeiros focos deste pequeno acaro eriódido que se caracteriza por ter o corpo alargado en forma troncocónica de cor pallizo. Ten 2 pares de patas e mide apenas uns 0,15-0,18 mm. polo que para velo necesítase dunha lupa de campo de, polo menos, 25 aumentos. Nesta época pódense ver con facilidade os síntomas sobre as follas terminais dos brotes ao miralas á contraluz, apreciándose nelas pequenas punteaduras rodeadas dunha zona clorótica.

Algúns focos das parcelas (normalmente polas beiras do viñado ao principio) adquiren tonalidades claras que van evolucionando a un aspecto aviñado da vexetación. As puntas dos brotes frean o crecemento. En viñedos moi afectados baixa o rendemento produtivo e sobre todo a fabricación de azucres.

Polo momento a súa presenza é de escasa consideración. Conforme avance o verán, a pouco que o tempo se manteña seco e con temperaturas elevadas, esta praga, entre outras, aumentará a súa presenza.



Indiviuos de *Calepitrimerus* sobre folla vistos con lupa



Ninfa de Mosquito verde

Ninfa de Mosquito verde



Restos de muda de Mosquito verde

**Couza ou polilla** (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*). Descenso dos voos de 2º ciclo do lepidóptero. Durante esta semana deberase avaliar o porcentaxe de postas e penetracións das larvas nos acios.



Adulto de *Lobesia botrana*

**Mosquito verde** (*Empoasca sp.*). Mantéñense as poboacións do cicadélido sen chegar os umbrais de tratamento (media de máis de 1 forma móbil do mosquito/folla) na maior parte dos casos. Nalgúns viñedos, debido ao tratamento da couza, compatible con esta praga, a penas se observa a súa presenza.

Os insectos adultos son semellantes ás larvas. Estas desprázanse en oblicuo sobre o envés da folla. Mentres son característicos dos adultos os seus saltos para se desprazar de cepa en cepa.

### **Recomendacións da semana**

Os últimos tratamentos recomendados para o control de Mildeu, Oídio e Couza do anterior boletín, deberían ser suficientes para o control dos patóxenos neste momento. Con todo, hai que manter a vixianza da sanidade dos viñedos.

Ter en conta na previsión de gasto fitosanitario que nos próximos tratamentos de Mildeu, estes faranse preferentemente cun praguicida de contacto que na súa composición leve unha porcentaxe de cobre.

Marcar as cepas con Iesca a altura dos órganos da mesma nos que os brazos desenvolvan a sintomatoloxía foliar descrita. Desta forma, durante o inverno, poderemos podala cepa na zona próxima á cruceta da mesma que non teña síntomas de afección na madeira.

A partir do envero poderemos estimar a densidade de plaga de Mosquito verde que poderemos ter na seguinte campaña, observando ao contraluz as follas terminais. Unha media de 50 a 100 ácaros por folla pódese tomar como umbral para estar vixiantes durante o desborre.





## DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

### Situación xeral nas catro DD.OO.

O cultivo acumula certo retraso no seu ciclo produtivo respecto ao ano pasado. De xeito xeral, estímase que as condicións meteorolóxicas desfavorables acaecidas durante a fase de floración provoquen una redución na colleita, imposible de cuantificar na fase en que se atopa o cultivo.

Mantéñense as recomendacións destas semanas para todas as denominacións de calidade: deberase continuar coa vixianza nas parcelas que estén próximas a fincas abandonadas; estase a comprobar unha maior incidencia de enfermidades nas parcelas situadas nas proximidades de viñedos abandonados. Ademais, como práctica cultural recoméndase a operación de enramado da vexetación nas gaviás e a eliminación de chupóns.

### Estado fenolóxico medio

L (peche de acio) maioritariamente.

### Incidencias fitopatolóxicas destacadas

Non apareceron novas manchas de Mildeu. Detectáronse síntomas de Oídio nas DD.OO.

Ribeiro e Monterrei, principalmente en parcelas pouco ventiladas, polo que é importante manter protexido o cultivo fronte a esta enfermidade. Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas.

Na D.O. Monterrei, en variedades como Arauxa (Tempranillo) e Treixadura, espérase unha redución na colleita, aún sen estimar, provocada polo corrimento do acio a consecuencia das adversas condicións meteorolóxicas producidas durante o período de floración.

### Recomendacións da semana

Débase manter a vixianza do cultivo fronte ao Mildeu, coa consideración de que non será preciso tratar as parcelas nas que durante a última semana se fixo un tratamento. Sí que é importante renovar o tratamento para protexer o cultivo fronte a Oídio, xa que estamos nunha fase na que o cultivo é moi sensible a esta enfermidade. Débase ter en conta que no caso de ter a intención de facer un tratamento preventivo contra a Botrite, o estado fenolóxico de peche do acio (L) é apropiado para facelo.

## HORTA nas Rías Baixas

### Estados fenolóxicos medios

**TOMATE** (invernadoiro): recolección.

**PEMENTO** (invernadoiro): recolección.

**XUDIA** (invernadoiro): fin de recolección e resembrado do 2º ciclo.

**XUDIA** (aire libre): recolección.

**COLES** (exterior) e **LEITUGA** (exterior): varios ciclos en función da data de plantación.

**CEBOLA**: inicio de recolección.

**PATACA**. Ciclo temperán: recolección rematada. Ciclo medio: recolección. Ciclo tardío: crecemento.

### Incidencias fitopatolóxicas destacadas

**Mildeu** (*Phytophthora infestans*). Diminuíu bruscamente a sintomatoloxía dos últimos meses.

**Oidiopse en pemento** (*Leveillula taurica*). Seguen observándose nalgunhas explotacións síntomas de Oidiopse en Pemento baixo abrigo. Os ataques severos desta enfermidade, chamada noutras zonas "Mildiu pulverulento", poden dar lugar a queimaduras do sol sobre os

froitos a causa da defoliación provocada polo fungo.

**Enfermidades de cano.** Mantéñense os síntomas de problemas de fungos no sistema radicular e cano nalguns cultivos hortícolas, principalmente no caso de *Fusarium solani* en Tomate e Xudía, tanto en invernadoiro como o aire libre, así como no de *Fusarium sp.* en Leituga, aumentando nesta moito durante a última semana.







Laituga san e outra afectada sectorialmente de fusarium.



Nos cultivos en invernadoiro os síntomas son máis agresivos que o aire libre  
(Explotación Hortícola da Comarca do Salnés)

**Polilla da pataca** (*Photorimaea opercutella*). Realizados os conteos das trampas de seguimento da praga colocadas en diferentes parcelas, conséntase un novo repunte das capturas en torno aos 15 adultos/trampa.



**Araña vermella** (*Tetranychus urticae*). No cultivo de Xudía en invernadoiro hai algunhas explotacións con forte infestación de Araña vermella. As explotacións que levanten cultivos afectados de 1º ciclo de plantación, deberán sacar a ramaxe e limpar calquer resto da mesma para que non se conserven as poboacións no seguinte cultivo, tratándose este nos primeiros estadios antes da súa instalación.



Poden observarse os adultos no envés das follas.



ninfa de araña roxa  
ovo de araña roxa  
postea de fitoseido benéfico  
adulto de a. roxa

*Convén aprender a observar os insectos benéficos no noso cultivo.*

### **Recomendacións da semán**

A diversidade de cultivos e dos diferentes estados fenolóxicos de desenvolvemento de cada un deles, fai moi difícil dar unhas recomendacións xerais de control, polo que deberase manter a vixianza dos cultivos en cada parcela para, en función das inspeccións e o seguimento en cada caso, adoptar as medidas preventivas ou de control oportunas. Posto que na meirande parte dos cultivos estase en recolección, hai que prestar moita atención aos prazos de seguridade dos fitosanitarios, no caso de súa utilización.



## PATACA en A LIMIA e noutras zonas da provincia de Ourense

A información que se proporciona corresponde á comarca da Limia. No resto da provincia o ciclo do cultivo vai moito máis adiantado, chegando nalgúns zonas á fase de colleita. Non hai incidencias fitosanitarias salientables.

### **Comarca da Limia**

### **Estado fenolóxico do cultivo**

Variable. A fase predominante é a de FLORACIÓN.

### **Incidencia de pragas**

Cos tratamentos feitos durante os derradeiros días contra o Escaravello a praga está controlada polo que se recomenda manter viviado o cultivo.

### **Incidencia de enfermidades**

Mantéñense os ataques de Mildeu nalgúns parcelas, especialmente nas parcelas mal ventiladas. Cos tratamentos feitos a enfermidade está baixo control. Nalgúns parcelas siguen aparecendo plantas atacadas por *Erwinia carotova* (Pé negro), pero consideramos que se trata de ataques de pouca importancia.

### **Tratamentos recomendados**

Manter protexido o cultivo fronte ao Mildeu. Non espaciar máis de 12 días os tratamentos antimildeu.

Para Pé negro non hai tratamentos efectivos, polo que se recomenda retirar os pes afectados e destruílos para que non quede a bacteria no chan e se produzan novas infeccións.



*Na foto aprécianse os síntomas dun ataque de intensidade media en folla de Mildeu.*